



-ESTAMOS EN PROBAS-
Mándanos as túas suxerencias

Fero de opinión
Intercambia opinións con outros lectores

¿Quieres colaborar?
Mándanos os teus artigos

Omnibus non se responsabiliza das opinións dadas polos seus colaboradores/as.

Prohibida a súa distribución con fins comerciais. Se desexa reproducir a páxina nalgún medio de comunicación, consulte primeiro co autor/a.

Suscríbete á Omnibus
Recibe no teu correo os novos artigos aparecidos na omnibus.

nome
e-mail
Enviar

Fotomnibus
"Onirico"



Expón as tuas fotos na galería virtual da Omnibus. Neste número, o tema é "A xanela indiscreta"....



4

Política

O proletariado morreu... Viva o precariado!

Raimundo Viejo Viñas



Cando Karl Heinrich Marx e Friedrich Engels escribiron ese clásico da literatura política que é o Manifesto Comunista, advertían, pouco antes de rematar, que o proletariado estaba condeado a triunfar ou perecer no seu intento por derrotar ao capitalismo. Século e medio despois de loitas sociais, boa parte deste proletariado redentor vota à extrema dereita, se aferra ao corporativismo das burocracias sindicais ou se adica a esfogar o traballo dos novos movementos sociais por meio das súas burocracias políticas. Con todo, nada está perdido, aínda que todo fiquen por gañar. Mas o capitalismo segue aquí, segue a ser un sistema inxusto e contradictorio. Dos antagonismos que o habitan está a xurdir unha nova subxectividade constituínte, o precariado. Neste artigo apúntanse algunhas claves desta figura social emerxente.

Foi nun momento indeterminado a finais dos anos setenta cando o proletariado, suxeito por excelencia do cambio histórico da Modernidade, protagonista heroico dos soños de redención do Xénero Humano, finou. Así o lembraba André Gorz naquel inequívoco epitafio que foi a súa obra *Adieux au prolétariat* (Éditions Galilée, 1980). A disxuntiva dramática que lle tiña gardada o Destino fora formulada xa nos primeiros momentos do seu nacemento: na loita de clases á que fora chamado, o proletariado, ou triunfaba, ou perecería no intento. Cheo da triste ironía do Destino, Eric Hobsbawm constatou –na súa introducción á edición conmemorativa do Manifesto Comunista (Crítica, Barcelona, 1998)– o final deste drama que foi a historia proletaria.

O proletariado extinguiuse, como se extinguiu o paxaro dodó, desaparecido da faz da terra alá por 1681. Ao cabo, foi tamén a súa unha extinción froito da cobiza e das insaciabes ansias depredadoras da especie humana. E velaquí un dos grandes paradoxos que marcou a existencia proletaria. Recoñecido o proletariado, mesmo etimoloxicamente, pola súa capacidade para reproducirse como forza de traballo, foi privado polo capital do obxecto mesmo do seu lexema, a 'prole-'. E quen gostar das evidencias empíricas, que olle as gráficas da natalidade 'sociolóxica' (estámonos a referir á terciarización que alumbrou as economías posindustriais) e mesmo biolóxica ou natural do proletariado. Tal foi un dos efectos desexados da estratexia exterminista do capital. Como rexistrou outro dos seus grandes cronistas da historia proletaria, Edward P. Thompson, producir baixo a ameaza constante da propia extinción foi a derradeira fase pola que houbo de pasar após o terror de Hiroshima e Nagasaki.

Hoxe en día esa extinción é un feito.

O proletariado morreu, mais non por iso rematou a historia da loita pola emancipación do Xénero Humano. A historia natural da nosa especie, para ben e para mal, continúa. Non podía estar máis errada a dereita neohegeliana encabezada polo profeta Fukuyama. A memoria do proletariado, o mellor do seu ideario, pervive nunha nova subxectividade constituínte que está a emerxer sobre a liña de fractura social que abre entre capital e traballo. Falamos, claro está, do precariado, desa subxectividade constituínte que se conforma na resistencia contra as fondas transformacións estruturais ás que deu lugar a derradeira grande vaga de mobilizacións da Modernidade.

A resultas das loitas libradas nas fábricas desde finais dos sesenta, as axencias do capital lanzaron a contraofensiva neoliberal. E así, o penúltimo ciclo da loita de clases puxo fin á Sagrada Trindade que abenzou os triunfos sociais do Estado de benestar –Taylorismo na produción, Fordismo na planificación política e Keynesianismo na dirección económica. Con Thatcher e Reagan á cabeza comezou a transformación radical da constitución material das sociedades do capitalismo avanzado na que hoxe estamos inmersas (a informatización dos procesos productivos, a desterritorialización da produción, o dominio do traballo inmaterial e tantos outros cambios que conforman a nosa realidade laboral cotiá). Nas febres neoliberais que seguiron á caída do Muro de Berlín, profetas e apoloxetas do capital dixerón estar ás portas de se liberar definitivamente da dependencia do traballo. Chegaron os tempos da 'liberdade' dos capitais, proclamaron uns. Por

Sobe á Omnibus

Vente de viaxe coa omnibus. Podes ser un pasaxeiro, mecánico, conductor, copiloto, etc... Hai moitas maneiras de participar e colaborar.

e-books Omnibus

Descarga totalmente gratis o e-book "La primera luz". En *e-books Omnibus* poderás disfrutar das mellores lecturas en formato electrónico.

Outros artigos do Nº

Non hai máis artigos en esta sección

Noutros Números.

Non hai máis artigos en esta sección

Top

■ Artigos + visitados

1. Por que atraso
2. 'Patafísica e Poesía. Entrevís
3. A segunda vinda da Psicofónica
4. Apresentação da nova revista
5. Leite Vama e Cola-Cao. Encotro

■ Ligazóns + visitados

1. <http://www.rebellion.org/econo>
2. <http://www.rebellion.org/econo>
3. <http://www.galeon.com/bvchoms>

■ Documentos + visitados

1. [documentos/chancela2.pdf](#)
2. [documentos/lssice.pdf](#)
3. [documentos/Linguas_e_dialectos](#)



fin poderá o capital prescindir do traballo, dixeron outros.

Mas aconteceu que a historia non tiña fin e á derrota total do proletariado seguiron os estertores dun novo parto. O ciclo de protesta que comezou aquel 1 de Xaneiro de 1994 na Selva Lacandona progresa hoxe polo planeta adiante desencadeando ao seu paso unha subxectividade revolucionaria, antagonista nómada desta era cibercapitalista que nos tocou vivir. No horizonte incerto do tempo futuro intuimos xa unha cita histórica vindeira que reverbera, trema e crepita desde unha memoria fervente de díxitos heroicos: 1789, 1848, 1871, 1917, 1968, 1989...
O proletariado morreu... Longa vida ao precariado!



Non hai opinións

